

**12.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE MARZO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 10/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 7 DE MARZO DE 2017.**

Aprobouse a acta número 10/2017 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 7 de marzo de 2017.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

2.1.- Acordouse CONCEDER PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN E MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA para ampliación de explotación de vacún de leite existente na parcela “Cruces e Pena” preto do lugar de Maceira, parroquia de Maceira, de Lalín.

### **3.- LICENZA DE TERRAZA.**

3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA no lugar de Carretera, 10 - Vilatuxe – Lalín.

### **4.- CAMBIO DE TITULARIDADE.**

4.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE PRESENTADA E PROCEDER Á RECTIFICACIÓN DE ERROS DETECTADOS NO ACORDO, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN SESIÓN DE 20/01/04, DE RECOÑECIMENTO DA EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA situada no lugar de Souto, parroquia de Xaxán-Lalín.

### **5.- INFORME PREVIO.**

5.1.- Acordouse aprobar o informe do arquitecto municipal de data 15 de marzo de 2017 en relación coa licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Muimenta, parroquia de Muimenta en Lalín.

### **6.- EXPEDIENTES DE ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse aprobar varias altas de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

### **7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

7.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN”.

7.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN”.

7.3.- Acordouse adxudicar Lote núm. 1: Servizo de limpeza da praza de abastos, do expediente de contratación denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DE DIVERSAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

8.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00020 por importe de 44.228,62 €.

## **9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES CONCELEIROS DELEGADOS.**

9.1.- Acordouse aprobar o proxecto denominado “ACTUACIÓNS DE INTEGRACIÓN PEONIL E DE ESTANCIA DE ÁREAS SECTORIAIS NO CENTRO URBANO DE LALÍN”.

9.2.- Acordouse aprobar a memoria valorada denominada “REFORZO PAVIMENTO RÚA 4 E REPARACIÓN XUNTA PONTE AUDITORIO”.

9.3.- Acordouse aprobar a memoria valorada denominada “REPOSICION DE CABLEADO NA ROLDA LESTE E NO PASEO DO PONTIÑAS”.

9.4.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 04/2017 con carácter definitivo.

9.5.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 05/2017.

9.6.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social, para sufragar gastos derivados de gastos de primeira necesidade, para a persoa solicitante por importe de 230 €.

9.7.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social, para sufragar gastos derivados de gastos de primeira necesidade, para a persoa solicitante por importe de 200 €.

9.8.- Acordouse aprobar o texto das bases de subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais para o exercicio 2017.

9.9.- Acordouse recoñecer a obriga a favor da Mancomunidade de Terras de Deza por importe de 53.820 euros á que ascende a achega do Concello de Lalín.

## **10.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

10.1.- Acordouse corrixir o erro padecido Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas do expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

11.1.- Acordouse denunciar o contrato de xestión Albergue de peregrinos de A Laxe-Bendoiro.

11.2.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a celebración o día 25 de xuño de 2017 dunha proba deportiva de ciclismo na modalidade de montaña denominada Lalín Bike-Race, para o Campionato de Galicia de Btt Maratón.

11.3.- Deuse conta do escrito presentado solicitando permiso municipal para a realización dunha ruta BTT.

11.4.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a instalación dun posto de venda de 2 m. x 2 m. durante o “*Cocido do Orgullo de Lalín*” os días 24, 25 e 26 de marzo de 2017, na rúa Principal-Lalín.

11.5.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a instalación de 2 haimas de 3 m. x 3 m. para o evento “*Cocido do Orgullo de Lalín*” os días 24, 25 e 26 de marzo de 2017.

11.6.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a instalación de FODDTRUCK CREPCABARET de 4 metros de lonxitude por 2 metros de ancho, na rúa principal de Lalín os días 24, 25 e 26 de marzo de 2017 para o evento “*Cocido do Orgullo de Lalín*”.

11.7.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a instalación dun posto de 2 metros para venda de churros e rosquillas na praza da igrexa o venres día 14 de abril de 2017.

11.8.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a celebración da *VIIª Edición da Feira dos Carballiños* o vindeiro día 14 de maio de 2017.

11.9.- Deuse conta do escrito presentado de solicitude de cesión a Consellería de Medio Rural de parcelas da concentración parcelaria de Vilatuxe.

11.10.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización para poder pernoctar no pavillón municipal.

11.11.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso do recinto do edificio do Concello de Lalín sinalado no plano que achega para o día 25 de marzo de 2017.

**11.12.-** Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a ampliación do horario da Praza de Abastos cun horario ininterrumpido dende as 9:00 horas ás 22:00 horas.

-----